



ACTA DA SESION EXTRORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA VINTESETE DE MAIO DE DOUS MIL CATORCE

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García (PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE
D^a.María Isabel Rodríguez López(PSde G-PSOE
D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PSde G-PSOE
D^a.Covadonga Viamonte Aguiar(PSde G-PSOE
D.Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)
D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)
D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)
D^a.María de Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P)
Dona Cándida Mendez Salgado (PP)
D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG
D.Manuel Galdo Dopico,BNG
Dona Olaia Casas Chaves (BNG)
D.Guillermo Leal Arias,IVI
D.Jesús Fernández Fernández,IVI

EXCUSAN A AUSENCIA

D.Cesar Aja Mariño,P.P.
D.Jaime Eduardo de Olano Vela (P.P.)

INTERVENTOR POR DELEGACION

D.Sergio Aguado Delicado

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as catorce horas do día vinte e sete de maio de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr^a.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sra. Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sra.Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesión do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento da sesión extraordinaria do Pleno do Concello cos puntos da Orde do Día.

1º.-APROBACION DAS ACTAS DAS SESION DE DATAS 14 E 27 de MARZO DE 2014

Pola Sra.Alcaldesa pregúntaselles ós Srs. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer as actas das sesións extraordinarias do Pleno celebradas os días 14 e 27 de Marzo de 2014.

Non existindo obxeccións ás mencionadas actas, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar as actas das datas 14 e 27 de Marzo ded 2014.

“2º.- MOCION DA ALCALDIA EN REPRESENTACION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E. PARA APROBACION DO CONVENIO DE COLABORACION COA CIUG PARA O ANO 2014.

Intervén a Sra.Alcaldesa para dicir que presenta esta moción para que se proceda neste pleno á aprobación do convenio de colaboración coa Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), que debe estar aprobado antes do 30 de maio de



2014, e que faga posible que a selectividade estea en Viveiro, existindo retención de crédito por importe de 12.640,15 €uros según Intervención.

Continúa dicindo que xa na Comisión Informativa foi dictaminado favorablemente, e fai fincapé, sobre os Concellos que non aboaron as cantidades establecidas na aportación acordada e nomea ao Concello de Foz, que nunca abonou contía algunha, e tamén nomea ao Concello de Ortigueira, a quen xa se reclamou en varias ocasións a contía asignada, así como que están pendentes as contías de outros Concellos como é o de Cervo e Burela.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P.,D. Antonio J. Bouza Rodil, para dicir que por parte do seu Grupo vai votar a favor e que se debe intentar reclamar a débeda aos Concellos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG,D. José Bernardo Fraga Galdo, e dí que este é un servizo necesario que hai que manter para Viveiro, pero que non entende por qué non pagan os Concellos, paréceme escandaloso.., e haberá que apremialos para que paguen se é que queren manter este servizo.

Intervén en representación do Grupo Municipal IVI, D. Jesús Fernández Fernández, para sinalar que o seu Grupo está a favor de dar este servizo aos alumnos e que non teñan que viaxar, pero por outra banda, parécelle unha” tomadura de pelo” o que fan os Concellos que non pagan as cantidades que lles corresponde, e dí que habería que tomar as medidas necesarias e reclamar para que fagan efectiva as cantidades da débeda. Se non pagan, que vain a examinarse a Lugo ou a Madrid apunta, e roga se día a máxima celeridade e urxencia para que se lles reclame as cantidades da débeda e paguen antes de setembro, tendo en conta que as arcas non están bollantes para pagar o de todos os Concellos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que Foz debe 9.997,58 €uros e que nunca pagou nada e o Concello de Ortigueira ten unha débeda de 5.304 €uros.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose, por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a sinatua do convenio de colaboración coa CIUG para o ano 2014 cunha contía de aportación de 12.640,15 €uros, que se fara efectiva ó remate da convocatoria de setembro. E, en todo caso, antes do mes de novembro.

SEGUNDO.-Dar traslado do presente acordo á CIUG”.

E non habendo mais asuntos de que tratar, pola Sra.Alcaldesa levántase a sesión, sendo as catorce horas coarenta minutos do día con que se encabeza esta Acta, estendéndose de todo o tratado por quintuplicado exemplar a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.

Vº e Pr

A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCTAL